



PREMIO DE TEATRO

“A Guerra da Independencia en Valga”

BASES:

1. As obras terán que ser inéditas e estar escritas en galego. O autor/a deberá ter en conta que se trata dunha representación popular na que participarán actores e actrices afeccionados. A presentación será ao aire libre.
2. O tema deberá gardar relación coa Guerra da Independencia e centrarse no episodio da revolta popular dos veciños de Casal de Eirigo contra as tropas francesas.
3. A obra terá como escenario de representación o recinto da Capela da Saúde.
4. O texto da obra terá unha extensión mínima de vinte e cinco folios a dobre espazo, dividida en tres actos.
5. A presentación ao concurso esixe dous sobres adxuntos e pechados que conterán a seguinte documentación:
 - **Sobre A**, incluírá os orixinais, mecanografados e tres copias sen asinar, co título da obra e pseudónimo do/a autor/a que permita a súa posterior identificación, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo.
 - **Sobre B**, incluírá o nome, teléfono e enderezo do autor/a, xunto cunha fotocopia do seu D.N.I. Por fóra, deberá ir o título da obra e o pseudónimo do/a autor/a.

Ámbolos dous deberán ir pechados.
6. Prazo: 12 de xaneiro de 2018
7. Presentación: rexistro de entrada do Concello de Valga
8. Premio: establécese un único premio de 600 euros. Este premio implica a obriga de colaborar coa dirección da obra para a súa posta en escena.
9. Ademais da calidade das obras, valorarase a viabilidade da súa posta en escena.
10. O autor/a da obra premiada cede en exclusiva ó Concello os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación da obra, en todo o territorio da Unión Europea, para a súa explotación e execución teatral, edición e produción.
11. A organización e composición do xurado corresponderalle ao Concello de Valga.
12. O xurado pode declarar deserto o premio se non reúne as condicións artísticas e de calidade.
13. A participación no presente concurso implica a aceptación das súas bases.